

A CONSELLARÍA IMPÓN, NÓS RESPONDEMOS

Personal médico de urgencias hospitalarias

Sen acordo. Sen negociación. Sen respecto.

A Consellaría de Sanidade decidiu romper a negociación e impor en solitario unhas supostas “melloras” para o persoal médico de urgencias hospitalarias.

Ningún sindicato asinou. Non responde ao que pide o colectivo. Non soluciona os problemas reais.

QUE ESTÁ A PASAR?



- Desde CIG-Saúde levamos tempo recollendo e defendendo as demandas do persoal médico de urgencias hospitalarias na Mesa Sectorial.
- A resposta da Consellaría foi clara: escoitar pouco e impor moito.
- O que presentan agora non é un acordo, é unha decisión unilateral.

QUE RECLAMA O COLECTIVO?

- Exención de quendas de noite para maiores de 55 anos.
- Manter a dispoñibilidade para cubrir ausencias durante todo o ano, e non só no chamado “programa de inverno”.
- Incremento real do valor da xornada complementaria.
- Cómputo da actividade non asistencial, xa recollida no acordo de urgencias e na acta de 2024.
- Actualización dos complementos de turnicidade e atención urxente segundo os incrementos salariais do acordo do 20 de abril de 2023.

Estas son as vosas demandas. Estas son as que defende CIG-Saúde.

QUE FIXO A CONSELLARÍA?

- Ignorar as demandas
- Romper a negociación
- Impoñer medidas sen consenso

Impoñer non é negociar!

E AGORA QUE?

A situación nas urgencias é límite. Sen cambios reais, o problema vai seguir ou empeorar.



É o momento de responder. É o momento de facerse escoitar.

CIG-Saúde: coa forza das traballadoras e traballadores.



ORGANÍZATE. PARTICIPA. LOITA coa CIG-Saúde



Abril 2026